

NOTA DE PRENSA

A trata e a explotación sexual centran un obradoiro do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2018. Mañá sábado 15 de decembro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organiza o obradoiro “Trata de seres humanos con fins de explotación sexual”, co que se pretende proporcionar una visión socio-xurídica do delito de trata con fins de explotación sexual, afondar nas dificultades e secuelas psicolóxicas que presentan ás vítimas de trata de seres humanos e identificar os distintos instrumentos e protocolos de detección e intervención así como os recursos de atención a vítimas existentes en Galicia.

Esta formación, que terá lugar na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela ao longo de todo o día, contará con distintos relatores e relatores de variados perfís profesionais con ampla formación e experiencia en esta materia. A doutora en Socioloxía Silvia Pérez Freire, especialista en violencia de xénero, autora da tese "Vitimización na trata sexual: imaxinarios e invisibilizacións" que foi recentemente premiada pola Delegación del Gobierno para la Violencia de Género, será unha das docentes.

Tamén intervirá Plácido López Franco, inspector UCRIF (Unidad Central de Redes de Inmigración Ilegal y Falsedades Documentales) da Policía de Estranxeiría, experto na investigación operativa dos delitos de trata e tráfico de persoas. Pechará a xornada a psicóloga Lidia Álvarez González, psicoterapeuta especializada en xénero e con máis de 10 anos de experiencia na atención a mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Esta actividade entra dentro do proxecto anual de formación proposto pola Sección de Psicoloxía Xurídica, neste caso en coordinación coa Comisión Intersectorial de Xénero. Vai dirixido a todos aqueles profesionais psicólogos e psicólogas que realicen intervencións con vítimas de violencia de xénero así como a estudantes con interese por achegarse a esta realidade.

A formación continuada ten como consecuencia a excelencia na actuación profesional así como a súa adecuación cada vez maior a unha práctica deontoloxicamente impecable, que son dous dos obxectivos nos que se segue traballando desde o Colexio de Psicoloxía de Galicia, tamén desde a Sección de Psicoloxía Xurídica.

Sáudos,

Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal